



CLASES ONLINE

No caso de clases ONLINE vémonos na obriga de incorporar unhas normas de funcionamento moi sinxelas e básicas para o seu correcto desenvolvemento:

- Tódalas comunicacións están centralizadas no mail acasadorock@acasadorock.com. As cuestións de cada familia en particular serán notificadas por correo electrónico á escola para que o resto do alumnado non perda ese tempo de clase. No caso de ter o número de teléfono persoal do/a profesor/a, por circunstancias que se deron na xestión das clases no confinamento, pedímosvos que non usedes esa vía de comunicación co/a profesor/a.
- Non se recuperan clases por motivos organizativos e debido ao gran volume de alumnado.
- O cambio de clases da modalidade presencial á online deberá avisarse con 1 semana de antelación.
- Manterase o calendario escolar publicado na páxina web, respectando os días festivos.
- Como norma xeral manterase a clase no día e hora fixado de antemán.
- Accións de Mellora para as clases online:
 1. O/a profesor/a é o que chamará ao alumnado. O profesorado ten un horario de clases continuado polo que se é o/a alumno/a o que realiza o contacto é moi posible que estea interrompendo ao/a alumno/a anterior.
 2. É importante ter unha boa conexión a internet. Recomendamos a conexión directa por cable ao router para desfrutar das clases.
 3. Tanto nas clases individuais como nas grupais é moi importante que o alumnado se poida conectar nun sitio tranquilo e ben iluminado. Nas grupais este punto cobra maior importancia para evitar as distraccións de todo o grupo e garantir a mellor comunicación posible. (Sen movementos de persoas por detrás, chamadas telefónicas, conversas en segundo plano, sons de aparellos electrónicos tales como aspiradoras, lavalouzas...)
 4. Intentar anticipar as vosas preguntas como mínimo cun día de antelación. É moi posible que o profesor non poida responder ás dúbidas expostas no mesmo día da clase por escrito, xa que ten outras clases a continuación.
 5. Nas clases grupais: ▪ Cando xurda un problema con algún dos equipos de conexión (cámara, altofalante,...) intentarase solucionar interrompendo o menos posible, e silenciando o micrófono para non ter interrupcións nas clases grupais.

No caso de familias con proxenitores/titores separados: os dous pais recibirán a chamada para tódalas clases, tendo que responder unicamente o proxenitor que acompañe nese momento ao/á alumno/a.





6. Recomendamos que o alumnado poida estar preparado 5 minutos antes do comezo da súa clase, co instrumento afinado e o material necesario (partituras, púa, baquetas, lapis, etc). O alumnado é o responsable de conectarse cando o/a chame o/a profesor/a. De non ser así, e demorarse o inicio da clase, ese tempo non será recuperado.
7. No caso de non contactar co alumnado na primeira chamada, o profesor fará un segundo intento de chamada. De non obter resposta en ningunha das dúas chamadas, o profesor deixarálle unha mensaxe por escrito.
8. Recomendamos a presenza dun adulto durante as clases dos máis pequenos, que poden experimentar problemas técnicos sobre todo no inicio da clase (asistilos na descarga de materiais, atención da chamada, enfocar a cámara ou solucionar algún imprevisto ao longo da clase)
9. O material didáctico envíase por TokApp ou polo chat de **MOOZ**, polo que recomendamos abri-lo durante a semana para poder recibir o material antes da seguinte clase.
10. Para evitar esperas innecesarias, descargar o material facilitado, e imprimilo ou telo a man noutro dispositivo distinto do empregado na videochamada.

